




# Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 1081AI06GX	
Código de verificación  351C 040E 4G2U 3A0W 1C50	Expediente 108/2023/421	
	Data 28-05-2026	

## ANUNCIO

**Asunto:** Lista de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de prazas de socorrista, da escala de Administración especial (agrupacións profesionais).

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 28 de maio de 2026, adoptou a seguinte resolución:

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de socorrista, da escala de administración especial (agrupacións profesionais) nas circunstancias reguladas no artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, derivada do proceso selectivo convocado por Resolución, do 23/02/2023 (BOP núm. 41 do 01/03/2023), do concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, nos seguintes termos:

Orde	Apelidos e nome	DNI	Notas 1º exerc.	Notas 2º exerc.	Notas 3º exerc.	Puntuación total
1	BORRAZAS RUMBO, MANUEL	***6914**	31,75	47,00	Exento	78,75
2	DORADO GARCIA, LAURA	***3720**	27,25	50,00	Exento	77,25
3	GALLEGO FERNANDEZ, RUBEN	***8217**	32,50	38,00	Exento	70,50

**Segundo.-** O artigo 2.6 da Instrución 4/17 sinala que as listas de agarda terán efectos ata a aprobación doutra posterior derivada da resolución de novas convocatorias de procesos selectivos, en porén, o dito artigo 2.6 tamén prevé que de esgotarse a listaxe de agarda de persoal funcionario interino vixente por non existir persoas integrantes nela dispoñibles para o seu nomeamento se poida utilizar a lista de agarda de persoal funcionario interino anterior a aquela, previa audiencia da Comisión de seguimento das listaxes de agarda.

**Terceiro.-** A devandita listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña

**Cuarto.-** Esta listaxe será xestionada de conformidade coa Instrución que regule o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento do persoal funcionario interino do Concello da Coruña vixente.



# Concello da Coruña

**Quinto.-** De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada